

Samuel L. París POETA

"O que lle falta á literatura galega é xente que se divirta facéndoa"

R. Castro
Imaxe: S.L.P.

Un día na vida de Samuel L. París (Muros, 1984) pode ser así: pola mañá presenta un proxecto da súa empresa (Tinta de Lura) no gabinete dun cliente, á tardiña escribe versos corrosivos e irreverentes, e á noite pega chimpos e toca o baixo en Terbutalina, un grupo de punk enérxico e divertido. Publicou dous poemarios: 'Manual da destrución' (A Regueifa Netlabel, 2008) e 'Inflamable' (Edicións Positivas, 2012), cuxa versión musicalizada, con oito textos interpretados, vén de publicar na rede.

[Samuel fala con gheada e seseo. Un pouco xoga, outro pouco fala en serio. O lector terá que adiviñar cando fai unha cousa ou a outra.]



Samuel L. París.

Un poeta emprendedor... ao estilo Reixa ou Paz Andrade?

Buh... Mimá... A verdade é que os referentes non son moi bos. Estilo Samuel: facendo moitas cousas e todas moi mal, mais como fas moitas a xente non é quen de fixar a atención, entón non pode xulgar como debería.

E hai vida para a xestión cultural despois do crack de 2008?

Estou convencido de que si. Hai moitísimas cousas interesantes que se poden facer, só falta a vontade. Hai moito que investigar e que arriscar con novos modelos. Creo que todo se resume en que se están facendo cousas que se facían hai moitísimo tempo. Estamos no

tempo de facer cousas, o de analizar que quede para outros. Eu distingo as persoas en dúas clases: as que miran e as que fan cousas.

Polos teus poemas desfilan, ademais de políticos, Fernán-Vello, Xulio Valcárcel, Rivas, Xurxo Souto, Reixa... quédache algún pai máis por matar na cultura galega?

Quédame algún, mais déixoo para a segunda parte. Realmente non teño ningunha vontade maliciosa. De Rivas, por exemplo, *Ningún cisne* é dos primeiros poemarios que lin en galego, e *Historia do rock and roll* de Reixa pareceume brutal. Mais penso que non digo ningunha

mentira. Ademais, mido 1.90 e non creo que teña problema con ningún. Tam pouco vou moito polos seus círculos, así que non creo que coincidamos.

Non vas aos recitais poéticos ao uso?

Intento non ir. Visto un, vistos todos. Agora hai algúns bos, como o Hostia en Verso, que intenta polo menos saír un pouco do habitual. Tamén hai xente interesante, como Xabier Xil Xardón, Celia Parra ou Daniel Landesa, con vontade de romper co pasado, porque no fondo consiste niso: achegar cousas novas para ir abrindo camiños. E se non se fai estamos rompendo coa cadea. E na xeración actual -non vou dar nomes, as persoas

non importan- estanse promocionando certo tipo de autores que non van a ningún lado, banais, sen forza.

De todos os xeitos, os teus poemas lembran na actitude a Ronseltz...

Os meus referentes están claros: Juan Pardo, Ana Kiro -os grandes-, o Xil Ríos da última época, e os oito meses de reinado de Conde Roa para min foron clarificadores, pola súa actitude e proposta escénica. Porque antes de ser escritor hai que ser defensa central dun equipo de 3ª Rexional, hai que lavar a louza... e aquí hai xente que se salta ese tipo de cousas. Eu escribo cousas que me gustaría ler. Por iso teño moitas versións, hai moitas referencias á música e á literatura, porque me gusta manexalo, roubarlle á xente, darlle outra volta, paréceme divertido. Iso é o que lle falta á literatura galega, que a xente se divirta facéndoa, dáme a sensación de que os e as que escriben non se divirten. Polo menos cando os oes falar dos seus libros, ou cando recitan, parece que non o están pasando nada ben.

Hai un poema onde dis: "na literatura galega da primeira metade do XX / non se fala case nada / do salpicón de marisco". De que máis non se fala?

Pois do StreetFighter, nin de ciclistas. E Penamoa e o Milladoiro tamén son Galiza. Galiza está chea de galegos, e iso é un dos grandes problemas. En 'Gallegos de mierda' falo diso. E o partido que mellor soubo interpretar iso até agora foi o PP, son os que mellor entenden como hai que tratar á xente. Son moi bos, e os outros tamén llo poñen fácil. 🐦



Os produtos de SERMOS GALIZA

Coñece a obra de Uxío Novoneyra a través da produción da AS-PG "Canto de Permanencia" que inclúe material documental sobre a súa obra poética e imaxes inéditas.

Prezo de venda: 10€

Máis info:
xerencia@sermosgaliza.com

